

Sra. Conselleira do Mar
Edificio Administrativo San Caetano
San Caetano, s/n
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: F.7.Q/29028/17

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2017

Sra. conselleira:

A través dos medios de comunicación social, esta Institución tivo coñecemento das limitacións previstas para a captura da sardiña nas costas galegas no vindeiro ano, seguindo os criterios establecidos pola Unión Europea.

Pola súa incidencia na flota galega dedicada a esta actividade e na economía do sector pesqueiro, esta Institución, ao abeiro do artigo 16.1 da Lei autonómica 6/1984, do 5 de xuño, reguladora do Valedor do Pobo, de oficio, exerce a función de supervisión atribuída polo citado precepto legal, e solicita a súa colaboración para que no prazo de 15 días hábiles, nos informe sobre as actuacións practicadas ou previstas respecto ás cotas capturables de sardiña (TAC) nas zonas pesqueiras VII C, de Fisterra a Vizcaya e na IX, de Fisterra ao Golfo de Cádiz.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo

Sra. Conselleira do Mar
Edificio Administrativo San Caetano
San Caetano, s/n
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: F.7.Q/29028/17

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2017

Sra. conselleira:

Acusámoslle a recepción da información remitida en relación co citado expediente de queixa.

Tomamos coñecemento do seu contido e tendo en conta a súa importancia para o sector pesqueiro, recollerase a súa resposta no próximo Informe Ordinario de 2018.

Agradecéndolle a súa colaboración, declárase a conclusión do expediente de queixa F.7.Q/29028/17.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo